



Eurosport 4K incorpórase á listaxe de canles do operador galego para a emisión do Roland-Garros

R ofrecerá de balde en calidade 4K o torneo de tenis Roland-Garros

- ***A retransmisión do Roland-Garros en máxima calidade estará dispoñible dende o luns 28 de setembro ata o domingo 11 de outubro en todos os deco Android 4K dos clientes de R***
- ***A canle, que emite en 4K, estará dispoñible no dial 400 da televisión de R, dende onde se poderán seguir todos os partidos disputados na pista central do Roland-Garros***
- ***Esta aposta polo contido deportivo enmárcase no acordo estratéxico pechado con Discovery este mesmo ano e únese ás diferentes iniciativas levadas a cabo por R para aumentar a súa oferta de entretemento dende o fogar***

Xoves, 24 de setembro de 2020.- R continúa a aumentar a súa oferta de entretemento dende o fogar reforzando o seu contido grazas ao acordo alcanzado con Discovery para emitir o prestixioso torneo de tenis Roland-Garros en calidade 4K a través da canle Eurosport 4K.

Eurosport ofrece integramente e en exclusiva a 124ª edición de Roland-Garros, o último 'Grand Slam' da tempada. A partir do próximo día 28 de setembro, e ata o domingo 11 de outubro, os clientes de R poderán seguir no dial 400 da televisión de R os diferentes partidos que se disputen na pista central (Philippe-Chatrier) de Roland-Garros. E todo iso con tecnoloxía 4K, que garante a máxima calidade de emisión,

capaz de cuadruplicar a resolución que ofrece a Alta Definición, HD ou High-Definition.

Ademais, os clientes de **R** poderán vivir toda a emoción do torneo de terra batida máis importante do mundo a través de Eurosport 1 e Eurosport 2, que ofrecerán o resto de partidos do 'Grand Slam' dende cada pista.

A incorporación de Eurosport 4K á proposta televisiva de **R** realizarase de forma automática en todos os decodificadores Android 4K dos clientes, sen que estes teñan que facer nada para poder visionar a nova canle, e sen custo adicional.

Esta aposta por Eurosport 4K únese ás diferentes iniciativas levadas a cabo por **R** para aumentar a súa oferta de entretemento dende o fogar e enmárcase dentro do acordo estratéxico pechado con Discovery este mesmo ano, e que este próximo verán culminará coa retransmisión dos Xogos Olímpicos de Tokio 2021.

Toda a acción do Roland-Garros, só en Eurosport

Un ano máis, Eurosport ofrece aos afeccionados a posibilidade de gozar de todos os partidos, resumos e análises, entrevistas e un seguimento especial á 'Armada Española' co asturiano Pablo Carreño e Rafa Nadal á cabeza. O mallorquino tratará de conseguir o seu décimo terceiro título en París e ampliar a súa lenda logrando o seu 'Grand Slam' número 20 e igualar a Roger Federer como o xogador con máis títulos da historia.

E todo iso da man do mellor equipo de expertos. Alex Corretja, Anabel Medina e Jordi Arrese volverán trasladar aos afeccionados a mellor análise de cada xornada xunto ao gran equipo de comentaristas de Eurosport, que completan a nivel internacional grandes nomes como Mats Wilander, John McEnroe, Barbara Schett, Chris Evert ou Henri Leconte.

Para completar a gran cobertura do torneo, Eurosport preparou unha programación especial onde os espectadores poderán seguir toda a actualidade de Roland-Garros con 'Pasando Bolas', con Miguel Anxo Méndez e Marta Sánchez Belas; e 'Game, Schett & Mats', con Barbara Schett e Mats Wilander.

Ademais, tras a gran repercusión mundial de 'The Cube', o innovador estudio dixital desenvolvido por Discovery e presentado durante o US Open, Eurosport volverá ofrecer unha experiencia inmersiva durante este Roland-Garros para trasladarnos ao interior do propio torneo. Este estudo pioneiro combina Realidade Aumentada (AR) e Realidade Virtual (VR) para facer posible que os expertos de Eurosport interactúen virtualmente con xogadores, adestradores e comentaristas dende distintos puntos do mundo.

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal